

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MONDOÑEDO "O PALLAREGO".

ÍNDICE

CAPITULO I. OBXECTO, AMBITO DE APLICACIÓN E BENEFICIARIOS.

CAPÍTULO II. ADMISIÓN, PERMANENCIA E BAIXA DOS ALUMNOS.

CAPÍTULO III. ORGANIZACIÓN DAS ENSINANZAS.

CAPÍTULO IV. DAS ACTIVIDADES DOCENTES.

CAPÍTULO V. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO.

CAPÍTULO VI. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS.

CAPÍTULO VII. DOS RECURSOS MATERIALES.

CAPÍTULO VIII. NORMAS DE DISCIPLINA.

CAPÍTULO IX. RÉXIME SANCIONADOR.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

CAPITULO I. OBXECTO, AMBITO DE APLICACIÓN E BENEFICIARIOS.

ARTIGO 1. OBXECTO

O presente documento ten por obxecto establece-las normas pola que se rexe a organización curricular e funcionamento interno da Escola Municipal de Música de Mondoñedo " O Pallarego", dependente directamente do Concello de Mondoñedo na provincia de Lugo.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento toda a poboación dende os catro anos en diante do Concello de Mondoñedo estando aberta, nas mesmas condicións a outras persoas que desexen facer uso deste servizo, independentemente do seu lugar de residencia ou procedencia.

O Concello de Mondoñedo, nas circunstancias que estime oportunas, poderá establecer convenios de colaboración con outras administracións.

ARTIGO 3. FUNCIÓN

1. Escola Municipal de Música de Mondoñedo " O Pallarego", de conformidade coa competencia recoñecida no artigo 86.1 a) da Lei de administración local de Galicia, é un centro dedicado á ensinanza musical de afeccionados e amantes da música, posto que ó amparo do artigo 48.3 da Lei orgánica 2/2006 de educación non outorgará títulos con validez académica ou profesional, sen prexuízo da orientación e a axuda que proporcione a aquelas persoas que teñan talento ou vocación e desexen ser profesionais.

2. De acordo con esta lei proporcionará un currículo académico baseado nas esixencias establecidas para o funcionamento das Escolas de Música.

ARTIGO 4. OBXECTIVOS

1 Escola Municipal de Música de Mondoñedo " O Pallarego", de acordo co sinalado no artigo 16 da

Constitución, declárase como un Centro totalmente aconfesional que garantirá o respecto ás crenzas de tódolos membros da Comunidade Escolar. As distintas confesións e ideoloxías gozarán do mesmo respecto.

2. De acordo con este pluralismo, tódolos membros da Comunidade Educativa manterán a máis estrita neutralidade, absténdose de manifesta-la súa opinión persoal a menos que o alumnado o requirise especificamente.

3. De acordo co sinalado pola lei, establece como linguas oficiais de comunicación, os idiomas galego e castelán, tanto nas súas actuacións internas coma nas relacións que manteña con outras institucións, persoas, empresas, etc., fomentando a non discriminación dos grupos que non falen nestas linguas.

Son obxectivos xerais da Escola Municipal de Música de Mondoñedo " O Pallarego":

- a) Fomenta-lo coñecemento e apreciación da música, iniciando ós nenos, desde os primeiros anos, na súa aprendizaxe.
- b) Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical, sen límite de idade.
- c) Orientar cara a un ensino de carácter profesional cando a vocación e aptitudes do alumno así o aconselle.
- d) Ofrecer un ensino instrumental, orientado tanto á práctica individual como á práctica de conxunto.
- e) Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental.
- f) Fomentar nos alumnos o interese pola participación en agrupacións vocais ou instrumentais.
- g) Organizar actuacións públicas e participar en actividades musicais de carácter afeccionado.
- f) Afianzar as bases pedagóxicas e de rigor educativo baixo as que foi creada.

Son obxectivos específicos da Escola Municipal de Música de Mondoñedo "O Pallarego":

- a) Creación das seguintes agrupacións: Orquestra Clásica, Banda Popular e Coro, coma eixo fundamental e fonte indispensable da formación musical do alumno e de todas as ensinanzas que reciba.
- b) Establecer unhas pautas educativas e de formación referencial. Estas pautas atópanse no legado pedagóxico e artístico dos grandes mestres da tradición occidental.
- c) Conservar e difundir o patrimonio musical propio da nosa comarca.
- d) Apoiar e fomentar a creación de agrupacións musicais que complementen a formación do alumno: música tradicional, grupos de percusión, cámara, etc..
- e) Atender as necesidades de alumnos que desexen continuar estudos nun conservatorio superior.

ARTIGO 5. RÉXIME DO SILENZO ADMINISTRATIVO

1. O prazo xeral para resolve-los pedimentos dos interesados establecidos neste Regulamento será de tres meses, agás que de xeito expreso se estableza un prazo diferente.
2. Así mesmo, como regra xeral, a falta de notificación da resolución adoptada dentro do prazo establecido terá carácter desestimatorio para os interesados.

ARTIGO 6. BENEFICIARIOS DO SERVIZO

1. Son usuarios do servizo público que o Concello de Mondoñedo presta na Escola de Música Municipal:

- a) Os nenos e nenas menores de idade matriculados no centro, cunha idade mínima de catro anos.
- b) Aquelas persoas que exerzan a patria potestade, tutela ou teñan en acollida ós usuarios contemplados no parágrafo anterior, dado que os menores destinatarios do servizo non teñen capacidade legal de obrar, se considerarán representantes legais dos mesmos a tódolos efectos. Salvo proba expresa en contra, presumirase que calquera dos pais actúa co consentimento do outro.
- c) As persoas adultas matriculadas no centro.

2. No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, historial escolar con cualificacións e sancións, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencias, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciadas.

CAPÍTULO II. ADMISIÓN, PERMANENCIA E BAIXA DOS ALUMNOS

ARTIGO 7. SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

1. A Escola de Música fomentará as *especialidades* necesarias para o funcionamento da Orquestra, Banda e Coro, levando a cabo unha provisión de necesidades instrumentais para o futuro, de xeito que esta poda surtir a estas agrupacións de futuros músicos, dándolle a este aspecto unha importancia capital.

2. Establecerase un límite en canto ao número de alumnos co fin de manter unha oferta educativa equilibrada que cubra ás necesidades das mencionadas agrupacións da Escola.

3. O Concello revisará anualmente ou cando considere oportuno o prezo das matrículas, xa sexa por especialidade, por materias ou por cursos completos.

4. Correspóndelle á Alcaldía ou o concelleiro delegado no seu caso, baixo proposta da dirección da Escola, a aprobación do inicio do período de presentación de solicitudes para a matrícula no centro, para alumnos con reserva de praza e novos ingresos, o cal anunciarase coa debida antelación nos taboleiros de anuncios da Escola de Música.

5. As solicitudes para acceder ós servizos que se prestan na Escola de Música Municipal formalizaranse por escrito a través do modelo oficial que para tal fin se pode recoller na mesma Escola de Música, e presentando na dirección da Escola de Música no horario de atención ao público que se teña fixado.

6. As notificacións ós interesados, derivadas dos procedementos descritos no presente capítulo, practicaranse exclusivamente a través da publicación de edictos nos taboleiros de anuncios da Escola de Música.

7. Aquelas persoas que, por circunstancias especiais, se matriculen fora do prazo establecido, deberán abonar o importe correspondente ao total do curso.

ARTIGO 8. RENOVACIÓN DE PRAZAS

1. Os usuarios xa matriculados que desexen renova-las prazas, gozarán de reserva de praza e deberán cubri-la folla de matrícula no modelo que se aprobe, durante o prazo sinalado, entendendo que se non o fan renuncian a esa reserva.
2. Non poderán renovar praza aqueles que manteñan as taxas impagadas de calquera curso no momento de formaliza-la solicitude de matrícula.

ARTIGO 9. SOLICITUDES DE NOVO INGRESO

1. En caso necesario e antes de que se abra o prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso, farase público no taboleiro de anuncios da Escola Municipal de Música a relación das prazas que quedan libres en cada unha das especialidades instrumentais.
2. As solicitudes de novo ingreso faranse no modelo oficial aprobado de acordo co disposto neste Regulamento, que se facilitará na propia Escola de Música no prazo sinalado, axuntándose a documentación que se lles solicite.

ARTIGO 10. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

1. O Concello poderá pedir ós solicitantes canta documentación sexa precisa cara a acreditar todas aquelas situacións que poidan ser susceptibles de confusión.

ARTIGO 11. ADMISIÓN

A selección das novas solicitudes efectuarase en función do aprobado neste regulamento. No seu defecto, a admisión farase por rigoroso orde de entrada das solicitudes dos aspirantes.

ARTIGO 12. RELACIÓN DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, tanto de renovación de prazas coma de novo ingreso, serán examinadas e admitidas, agás aquelas que incorran nalgún suposto establecido neste regulamento.

ARTIGO 13. RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS E LISTAXE DE ESPERA.

Se fose necesario:

1. Xunto coa relación de admitidos e non admitidos publicarase unha listaxe de espera, integrada por aqueles solicitantes que non obtivesen praza ordenados segundo rigoroso orde de data de solicitude de ingreso.

ARTIGO 14. SOLICITANTES INCLUÍDOS NA LISTAXE DE ESPERA.

1. No caso de que un solicitante admitido, renuncie á praza, esta poderá ser cuberta por un solicitante da listaxe de espera.
2. As listas de espera caducarán en todo caso ó remate do curso escolar.

ARTIGO 15. MATRÍCULA

1. Os pagos poderanse facer efectivos mediante:

- a) Ingreso no nº de conta do Concello, indicado no impreso de matrícula.

b) A través de domiciliación bancaria, podendo nesta modalidade realizar o pago fraccionado.

ARTIGO 16. CAUSAS DE BAIXA

1) Causarase baixa por algunha das causas seguintes:

a) Por solicitude dos usuarios ou os seus representantes, que se presentará mediante escrito á dirección da Escola.

b) Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta do usuario para permanecer no centro.

c) Falta de asistencia á metade das clases lectivas nunha materia durante un trimestre sen previo aviso nin causa xustificada. En todo caso, as ausencias xustificadas non poderán ser superiores a 20 faltas por materia no curso escolar, polo que, transcorrido dito prazo, darase baixa definitiva.

d) Impago dunha cota, total ou parcialmente.

e) A comprobación da inexactitude ou falsidade de declaracións ou datos relevantes en relación coa solicitude de ingreso ou establecemento do prezo público pola prestación do servizo de Escola Municipal de Música.

f) Comisión de faltas sancionadas coma infraccións moi graves.

2. As baixas, excepto no suposto a) que serán tramitadas automaticamente, serán resoltas pola alcaldía a proposta da dirección da Escola de Música.

3. Cando se acorde a baixa dun alumno pola causa descrita na letra e) deste artigo, os responsables estarán obrigados a aboa-la diferenza entre o importe da matrícula que viñan pagando e o que lle correspondería de non térselle aplicado as circunstancias que se tiveran alegado ou ocultado.

CAPÍTULO III. ORGANIZACIÓN DAS ENSINANZAS.

ARTIGO 17. OFERTA DIDÁCTICA

A) FORMACIÓN INTEGRAL.

IDADE	ETAPA	CICLO	CURSO	MATERIAS OBRIGATORIAS	MATERIAS OPCIONAIS
Dende os 4	Infantil	Inicio	1 e 2	Musica e movemento	Coro
Dende os 6		Básico	3 e 4	Música e movemento, coro	
Dende os 8	Linguaxe	1	1.1, 1.2, 1.3	Instrumento, linguaxe, coro.	ORQUESTRA OU BANDA.
		2	2.1, 2.2	Instrumento, linguaxe, coro e orquestra ou banda.	Outras agrupacións
		3	3.1, 3.2	Instrumento, linguaxe, coro e orquestra ou banda.	Outras agrupacións
	Avanzada	4	4.1, 4.2, 4.3, 4.4	Instrumento, interpretación musical, coro e orquestra ou banda.	Outras agrupacións
	Formación de adultos			Cultura musical e coro	Agrupación instrumental.

ETAPA INFANTIL CICLO DE INICIO

- Materias obrigatorias: Música e Movemento.

- Materias opcionais: coro
- Tempos Lectivos (ratio): unha hora semanal.
- Número de alumnos máximo: 15 alumnos.
- Cursos: 1º e 2º.

ETAPA INFANTIL CICLO BÁSICO

- Materias Obrigatorias: Música e Movemento. Coro.
- Tempos Lectivos (ratio):

Música e movemento: 1 hora á semana.

Coro: 1/2 horas semanal.

- Número de alumnos máximo: Música e Movemento (15 alumnos).
- Cursos: 3º e 4º.

ETAPA LINGUAXE CICLO 1

- Materias obrigatorias: Linguaxe Musical, Instrumento e Coro.
- Materias optativas: Orquestra ou Banda
- Instrumentos: vento madeira, vento metal, corda fretada, piano, guitarra e percusión.
- Tempos lectivos (ratio):

Linguaxe Musical: 2 horas á semana.

Instrumento: ½ hora semanal.

Coro: 1 hora semanal.

- Orquestra ou Banda: 1 hora semanal.
- Cursos: 1.1, 1.2, 1.3.

ETAPA LINGUAXE CICLO 2

- Materias Obrigatorias: Linguaxe Musical, Instrumento, Coro, e Orquestra ou Banda.
- Optativas: Outras agrupacións.
- Instrumentos: vento madeira, vento metal, corda fretada, piano, guitarra e percusión.
- Tempos lectivos (ratio):

Linguaxe Musical: 1 horas á semana.

Instrumento: ½ hora semanal.

Coro: 2 hora semanal.

Orquestra ou Banda: 2 hora semanal.

- Cursos: 2.1, 2.2.

ETAPA LINGUAXE CICLO 3

- Materias obrigatorias: Linguaxe Musical, Instrumento, Coro, e Orquestra ou Banda.
- Materias optativas: Outras agrupacións.
- Instrumentos: vento madeira, vento metal, corda fretada, piano, guitarra e percusión.
- Tempos lectivos (ratio):

Linguaxe Musical: 1 hora á semana.

Instrumento: ½ hora semanal.

Coro: 2 hora semanal.

Orquestra ou Banda: 2 hora semanal.

- Cursos: 3.1, 3.2

ETAPA AVANZADA CICLO 4

- Materias obrigatorias: interpretación musical, Instrumento, coro e orquestra ou banda.
- Materias optativas: Outras agrupacións.
- Instrumentos: vento madeira, vento metal, corda fretada, piano, guitarra e percusión.
- Tempos lectivos (ratio):

Interpretación Musical: 2 horas á semana.

Instrumento: ½ hora semanal.

Coro: 2 hora semanal.

Orquestra ou Banda: 1 hora semanal.

- Cursos: 4.1, 4.2, 4.3 e 4.4.

ETAPA FORMACIÓN DE ADULTOS

- Materias obrigatorias: cultura musical, coro.
- Materias optativas: agrupación musical.
- Instrumentos: vento madeira, vento metal, corda fretada, piano, guitarra e percusión.
- Tempos lectivos (ratio):

Cultura Musical: 1 hora á semana.

Coro: 2 hora semanal.

Agrupación musical: 1 hora semanal

- Cursos: 1.1, 1.2, 1.3, 2.1, 2.2, 3.1, 3.2.

Como resultado da existencia destas especialidades, están creadas dentro do currículo da Escola as seguintes agrupacións: Coro, Orquestra e Banda.

Existen outras agrupacións de formación complementaria.

B) FORMACIÓN NON INTEGRAL.

Poderán realizar estudos nesta Escola todos aqueles que por diversos motivos non escollan a formación integral asistindo soamente ás materias que desexen. Neste caso ditos alumnos non disporán de expediente académico nin terán dereito a ser avaliados.

ARTIGO 18. SOBRE A RATIO E O AGRUPAMENTO

INSTRUMENTO. A ratio semanal será de ½ hora.

LINGUAXE: con sete ou mais alumnos por curso, dúas horas de clase semanais. Ata un máximo de seis alumnos por curso, unha hora de clase semanal. Cando se produza puntualmente algún caso distinto ao aquí exposto, será o claustro quen determine a conveniencia e ou o modo de agrupar distintos niveis do xeito máis beneficioso para o alumnado e para a Escola.

AGRUPACIÓNS: poderán dispor sempre que sexa posible até un tempo máximo de 2 horas semanais de clase por agrupación.

INTERPRETACIÓN MUSICAL: dado o carácter multidisciplinar desta materia, a ratio será dun máximo de 6 alumnos e un mínimo de 4 alumnos por clase, cunha duración de ata dúas horas semanais.

A ratio poderá sufrir modificacións en función dunha mellor organización da Escola.

Excepcionalmente no caso en que o interese e a madurez do alumno/a así o permita, poderá superar os cursos sen respectar a idade estimada para cada un deles previo informe dos profesores das materias afectadas e tras aprobación do claustro.

ARTIGO 19. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Considérase a avaliación do alumnado como parte integrante do proceso ensino-aprendizaxe. Deberá servir para orientar ó alumnado de cara á súa promoción, así como senta-la base para a avaliación inicial da seguinte etapa ou nivel.

1.Os resultados da avaliación serán comunicados en primeiro lugar ó propio alumnado en entrevistas individuais a través da titoría. Posteriormente a comunicación farase extensiva trimestralmente ós pais mediante a entrega ó alumnado dun boletín informativo que conterá as observacións necesarias para que os resultados sexan interpretados con facilidade. En casos extraordinarios pedirase aos pais/nais que sexan eles os que recollan persoalmente tal información diante do profesor titor.

2.Contemplarase a posibilidade dunha maior permanencia na área sempre que así o recomende a traxectoria educativa do alumno.

3.No suposto de materias referidas á práctica instrumental ou vogal, a recuperación da materias deberá realizarse na clase do curso seguinte si esta forma parta do mesmo. No resto dos casos os/as alumnos/as deberán asistir ás clases da materias non superada no curso anterior.

4.Será decisión do/a profesor/a a forma de recuperación de cada alumno/a en función das súas capacidades, do grao de consecución dos obxectivos previstos na programación e da súa capacidade de traballo.

5.Cando o/a alumno/a supere a materia pendente, o/a profesor/a informará a este/a e ós/ás seus/súas pais/nais ou representantes legais de este feito que tamén será reflectido na acta/informe da sesión de avaliación correspondente.

ARTIGO 20. NORMAS DAS SESIÓNS DE AVALIACIÓN.

A sesión de avaliación terán os seguintes obxectivos.

a) Intercambiar información sobre os problemas individuais dos/as alumnos/as para así valorar xustamente a súa actuación e buscar solucións a ditos problemas.

b) Calificar ós/as alumnos/as nas diferentes materias e obxectivos.

c) Elaborar un informe acta sobre as cualificacións de cada alumno/a e sobre os aspectos mais relevantes tratados na sesión. Ditos serán firmados por tódolos/as profesores/as participantes en dita sesión de avaliación.

d) Cumprimentar o boletín de cualificacións para ser remitido ós/ás pais/nais. O/A titor/a velará para que o boletín de cualificación sexa devolto polo/a alumno/a correctamente asinado o antes posible.

ARTIGO 21. TRIBUNALS DE EXAMES.

O tribunal constituirase no último claustro antes da convocatoria pública do exame, proba, etc. Non obstante, e sempre que o considere oportuno o/a Presidente/a do Tribunal, este poderá constituírse antes deste prazo.

Son funcións do/a Presidente/a do Tribunal:

a) Presidir a realización do exame ou proba, así como o proceso de cualificación dos examinados.

b) Custodiar os exercicios prácticos dos examinados, coas correccións que o Tribunal considere oportunas, ata a súa entrega, persoalmente, á dirección.

c) Resolver aquelas situacións ou incidencias que se orixinen no transcurso do exercicio obxecto da actuación do tribunal e dar conta do caso e da súa solución, inmediatamente e mediante documento escrito, á dirección.

d) Cumprimentar as actas, papeletas de exame, e cantos outros documentos oficiais están relacionados co desenrolo da proba ou exame.

e) Custodiar as actas, papeletas de exame, e cantos outros documentos oficiais están relacionados co desenrolo da proba ou exame, ata a súa entrega, persoalmente, o/a Director do centro.

ARTIGO 22. PROBAS DE CICLO.

1. O alumnado cambiará ao ciclo seguinte sempre que acade os obxectivos propostos para os cursos que compoñen cada ciclo.

2. Un alumno promocionará de curso sempre que aprrobe todas as materias do mesmo.

No caso de que teña algunha parte suspensa poderá promocionar cun máximo dunha materia pendente. Contéplanse a seguinte excepción: co instrumento suspenso non se promociona.

3. Ao remate dos ciclos 1º, 2º, 3º e 4º haberá unha proba con tribunal que deberán realizar todos os alumnos que opten pola formación integral.

4. Estas probas chamadas **Paso de Ciclo**, constarán dunha parte teórica que comprende, teoría, lectura, entoación e ditado e que conforman o 40% do total da nota, e unha parte práctica correspondente ao instrumento na que se presentarán estudos e obras da programación do nivel a examinar, esta proba constitúe o 60 % da nota global. Ambas probas son eliminatorias.

5. No caso de que un alumno teña aprobado o curso e non supere a proba de **Paso de Ciclo** deberá traballar no seguinte ano aquelas cuestións que lle permitan superar dita proba na seguinte convocatoria.

6. Os equipos docentes de cada ciclo, contemplarán a posibilidade de programar actividades de recuperación-ampliación a través de agrupamentos flexibles.

ARTIGO 23. BOLETÍNS ACREDITATIVOS DE CURSO E DE NIVEL

A o termo de cada un dos cursos e ciclos programados, pola Escola de Música expediranse os correspondentes boletíns acreditativos de superación das correspondentes probas, así coma coa superación dos niveis.

Os devanditos boletíns unicamente terán carácter informativo, sendo as actas o único documento de referencia e con valor no ámbito interno da Escola e o que outras administracións ou particulares libremente lle outorguen, sen que teñan validez académica ou profesional.

Estes boletíns acreditativos non se expedirán na etapa infantil nin na de Formación de adultos.

CAPÍTULO IV. DAS ACTIVIDADES DOCENTES

ARTIGO 24. VALORES PRIORITARIOS DA ACCIÓN EDUCATIVA

Autonomía.- Tentarase de favorecer a formación da personalidade dos alumnos, a través do desenvolvemento dun pensamento reflexivo e crítico, tratando de erradicar tendencias como o

individualismo, abuso das liberdades, egoísmo, competitividade, discriminación, dependencia, irresponsabilidade, pasividade, etc.

Socialización.-Fomentarase a participación en actividades organizadas en cooperación con entidades do entorno con intereses próximos que enriquezan a formación do alumnado,(asociacións, etc.), procurando que favorezan unha relación de convivencia democrática entre tódolos sectores e membros da Comunidade Escolar.

Aprendizaxes básicas.- Crearanse as condicións necesarias para que o alumnado adquira aprendizaxes que posibiliten a adquisición dunha educación musical axeitada, desenvolvendo o gusto pola música e a vivencia de experiencias musicais tanto dende o punto de vista da interpretación como da escoita (participación en concertos, asistencia os mesmos).

*2.Consideracións xerais sobre a integración e desenvolvemento do Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE):*contemplamos e apoiamos a posibilidade da integración de persoas con n.e.a.e. e para dar resposta adecuada a estas necesidades específicas estableceranse canles de actuación á proposta do claustro segundo cada caso concreto e sempre que fora posible dentro da estrutura organizativa da Escola.

Garantirase a orientación escolar e persoal do alumnado a través das actividades da titoría.

ARTIGO 25. SEGUIMIENTO DO ALUMNADO

1.Tódolos pais e nais deberán ter en conta a importancia de entrevistarse co profesor/a ou titor/a ou con calquera outro axente da educación co fin de obter información sobre a evolución dos seus fillos/as, ou por calquera outra circunstancia que lles poida preocupar.

2.Sempre e cando a situación supere as competencias do profesor ou titor, a familia poderase dirixir á dirección. Non cabe dúbida que os alumnos necesitan unha supervisión esmerada ou constante por parte dos pais para que acaden o máximo rendemento.

3.Os/as alumnos/as, os/as seus/súas pais/nais ou titores/as poderán solicitar de profesores/as e titores/as cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o proceso de aprendizaxe dos/as alumnos/as, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado de dito proceso.

ARTIGO 26. AGRUPACIÓNS

Dirección. O director/a de cada agrupación será escollido polo director/a da Escola, á proposta do claustro, e renovado ou ratificado anualmente ao comezo de cada curso escolar.

Ingreso. Está rexido polo organigrama da Escola.

Concertos. Realizaranse durante o período escolar (setembro a xuño) coa autorización da dirección e previo informe do director responsable da agrupación.

Excepcionalmente poderanse celebrar concertos fóra do período escolar cando sexan dentro dun acto de relevante importancia para a Escola e sempre que foran aprobados previamente polo claustro.

ARTIGO 27. PLAN ANUAL

No Plan Anual elaborado polo Director, unha vez oídas as propostas tanto do Claustro coma do Consello Escolar, e notificado ao Concello, deberá aparecer:

- Horario escolar.
- Tutorías.
- Horario de Administración.
- Claustros.
- Avaliacións

Asemade no Plan Anual farase constar, na medida do posible unha planificación xeral de actividades complementarias e extra escolares. Esta proposta poderá incluír:

- 1.1 Concertos ou recitais dos alumnos do centro.
- 1.2 Participación en actos alleos á escola e de interese cultural.
- 1.3 Organización de cursos.
- 1.4 Programación de música galega.
- 1.5 Programación de música clásica, artística e popular.
- 1.6 Participación en celebracións locais de carácter popular coma poden ser festas, etc.
- 1.7 Realización de actividades conxuntamente con outras institucións educativas.
- 1.8 Realización de proxectos onde se unifique a música con outras actividades artísticas como son danza e o teatro.
- 1.9 Realización de proxectos que resalten os valores humanos como vehículo de formación.

Toda actividade que se realice deberá ir precedida dunha ficha que inclúa:

- a) Descrición da actividade.
- b) Obxectivos da actividade.
- c) Estudio económico da actividade.
- d) Data prevista de realización.
- e) Alumnos/as ós que se dirixe a actividade.
 - a) Motivación pedagóxica, social, científica e cultura.
 - b) Descrición detallada da actividade.
 - c) Departamentos ou departamento que propoñen a actividade e profesores/as que dirixan e acompañen ós/ás alumnos/as.

Esta ficha deberá ser entregada a dirección con antelación á data de celebración da actividade.

Terminada a actividade completarse a ficha coas observacións e incidentes que tiveran lugar.

ARTIGO 28. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Dada a natureza dalgunhas áreas e a dispoñibilidade dun tempo moi limitado para o seu desenvolvemento no período lectivo do Centro, é preciso que os alumnos complementen as aprendizaxes, previamente asesorados, en períodos de tempo non lectivo.

Realizaranse "Talleres de verán" co fin de poder dedicar unha maior cantidade de tempo á practica instrumental de conxunto a cal se ve limitada durante o curso polas tarefas escolares obrigatorias dos alumnos. Aproveitaranse estes talleres para establecer relacións de intercambio con alumnos doutras escolas de música.

Abordaranse, coa colaboración da asociación de usuarios, outras actividades nestes talleres que poden tratarse de actividades de formación coma as seguintes:

Informática musical, Construción de instrumentos (domésticos), Luthería, Guías de audición, Música étnica., Ximnasia para músicos, Técnicas de relaxación en xeral, Ortofonía (coidado, hixiene, exploración e relaxación da voz, respiración, articulación...),etc.

Asemade ao longo do curso haberá sendas audicións organizadas por disciplinas instrumentais monográficas ou de grupos mixtos así coma concertos encamiñados a fomenta-las aptitudes interpretativas dos alumnos.

Organizarase coma é habitual o concerto de Nadal e o concerto de fin de curso coa participación máxima do alumnado.

Debido á carencia de fonoteca organizaranse ao longo do curso audicións axeitadas aos diferentes niveis dos alumnos e que serán programadas polos profesores das distintas especialidades.

O centro está aberto a organizar intercambios con outros de semellantes características sempre e cando estes sexan interesantes e produtivos e sempre organizados seguindo as canles habituais de organización interna do centro.

ARTIGO 29. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Dado que a Escola de Música está ligada as actividades culturais que organiza o Concello de Mondoñedo, (concertos, recitais, etc..) motivarase o alumnado deste Centro para a asistencia a estes eventos. Doutra banda, o Centro, organizará todas aquelas actividades que estean ó seu alcance (asistencia a concertos noutros auditorios, organización de concertos por parte do alumnado deste Centro...) e colaborará de bo grao na organización e desenvolvemento de actividades programadas por outras entidades e institucións oficiais (Concello) ou privadas (asociacións culturais...).

A asistencia a audicións e concertos programados no Auditorio faranse de xeito frecuente, sendo de asistencia máis que recomendada para todo o alumnado.

Nas viaxes será necesaria a autorización dos/as pais/nais ou representantes legais, se os/as alumnos/as son menores de idade.

A Dirección poderá negar a asistencia a algunha actividade ós/ás alumnos/as que perturben o normal desenvolvemento de actividades anteriores ou cun comportamento que non se axuste ás normas de convivencia establecidas neste Regulamento.

ARTIGO 30. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN.

A Escola Municipal de Música de Mondoñedo " O Pallarego", estará aberta a calquera tipo de actividade de formación permanente e/ou perfeccionamento do profesorado (cursos, seminarios, xornadas, conferencias,...), arbitrándose a nivel organizativo cantas medidas sexan posibles para favorece-la súa participación.

ARTIGO 31. PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

A Escola Municipal de Música de Mondoñedo " O Pallarego", fomentará calquera tipo de actividade encamiñada á investigación na acción educativa do propio Centro e á planificación e desenvolvemento de proxectos de innovación educativa que leven a mellora da calidade do ensino.

Poñerase á disposición dos equipos docentes implicados cantos recursos estean ó alcance do Centro e tomaranse as medidas organizativas precisas para que ditos proxectos poidan ser levados á práctica.

CAPÍTULO V. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

ARTIGO 32. CALENDARIO ESCOLAR

a) O curso divídese en tres trimestres, sendo o período oficial de clases entre Setembro e xuño. As

clases comezarán a primeiros de Setembro e finalizarán a finais de xuño (coincidindo co calendario escolar marcado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

b) Os períodos vacacionais corresponderanse, co calendario escolar fixado pola Consellería de Educación, ou organismo competente, tendo tamén en conta os días festivos declarados polo Concello.

c) O horario lectivo e o calendario escolar, fixaranse ao comezo do curso podendo sufrir algún cambio puntual co fin de ofrecer un mellor servizo.

d) As actividades da Escola quedarán fixadas a principio de curso, quedando sempre aberta a posibilidade de que poida xurdir algunha actividade puntual da cal se informará con antelación á dirección do centro para que sexa aprobada e supervisada.

ARTIGO 33. ÓRGANOS DE GOBERNO.

A Escola ten os seguintes órganos de goberno:

- 1.Unipersoais: Director/a.
- 2.Colexiados: Claustro.

ARTIGO 34.COMPETENCIAS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

Os órganos de goberno velarán porque as actividades da Escola se desenvolvan de acordo cos principios e valores da Constitución, pola efectiva realización dos fines da educación, establecidos nas leis e nas disposicións vixentes e pola calidade da ensinanza.

- 1.Garantirán, no ámbito da súa competencia, o exercicio dos dereitos recoñecidos ós/as alumnos/as, profesores/as e pais/nais de alumnos/as e velarán polo cumprimento dos deberes correspondentes.
- 2.Favorecerán a participación efectiva de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e na súa avaliación.

ARTIGO 35. COMPETENCIAS DO DIRECTOR.

Terá a maiores das funcións propias do seu cargo, as de secretario e xefe de estudos.

Serán funcións da dirección:

- 1.- Ostentar oficialmente a representación do Centro.
- 2.- Atender as solicitudes de entrevista coas familias e usuarios que o soliciten.
- 3.- Cumprir e facer cumprir-las leis e demais disposicións legais coma o presente regulamento.
- 4.- Dirixir e coordinar tódalas actividades do Centro.
- 5.- Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ao Centro.
- 6.- Dá-lo visto e praxe ás certificacións e documentos do Centro.
- 7.- Escoller, á proposta do claustro, os cargos directivos (directores de agrupacións, etc.).
- 8.- Coordina-la participación dos distintos sectores da Comunidade Escolar, procurando os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas atribucións.
- 9.- Elaborar, xunto co claustro, a proposta do Plan Anual de Actividades do Centro.
- 10.- Promover e impulsa-las relacións do Centro coas institucións do seu contorno, especialmente coas que desenvolvan actividades con fins culturais e educativos.
- 11.- Elevar ó Concello unha memoria anual sobre as actividades e situación xeral do Centro.
- 12.- Facilita-la coordinación do profesorado con outros centros, centros de recursos e calquera outro servizo.

- 13.- Subministra-la información que lle requiran os órganos competentes.
- 14.- Facilitar información sobre a vida do Centro ós distintos sectores da Comunidade Educativa e ás asociacións representativas.
- 15.- Facilita-lo dereito de reunión dos profesores, alumnos, pais ou titores e persoal de administración e servizos, respectando en todo caso o horario lectivo.
- 16.- Xestiona-la dotación de recursos materiais, didácticos e persoais do Centro.
- 17.- Velar polo cumprimento de tódolos aspectos recollidos nos distintos documentos de xestión do Centro.
- 18.- Informar as solicitudes de permisos e vacacións do persoal do Centro, dentro do ámbito das súas competencias.
- 19.-O control da asistencia e puntualidade das actividades lectivas e non lectivas, sesións de avaliación, claustros, etc.
- 20.-Informar dos retrasos dun membro do profesorado cando se produzan de xeito reiterado, poñendo este feito en coñecemento da Concello para que tome as medidas que corresponda.
- 21.- Coordinar e dinamiza-las actividades do Centro.
- 22.- Coordina-la elaboración do inventario xeral do Centro, custodia-lo e mante-lo actualizado.
- 23.- Recompilar as normas legislativas que afecten ao Centro e facilita-lo seu coñecemento á Comunidade Escolar.
- 24.- Mante-la orde académica do Centro e coordina-las substitucións accidentais cando se produzan.
- 25.- Confeccionar, os horarios académicos e velar polo seu estrito cumprimento.

ARTIGO 36. DO PROFESORADO.

Os profesores teñen garantida a liberdade de cátedra, e o seu exercicio orientarase á realización dos fins educativos previstos na programación do centro, cooperando coa dirección do centro no cumprimento da normativa vixente en materia de ensinanza.

ARTIGO 37. DEBERES DO PROFESORADO

1. Extremar o cumprimento das normas éticas que esixe a súa función educativa e proporcionar unha educación de calidade ós seus alumnos.
2. Colaborar coa dirección do centro co mantemento da convivencia académica do centro.
3. Colaborar na realización de actividades extraescolares.
4. Cumprir o seu horario integramente.

O profesorado deberá xustificar algunha ausencia ou solicitar permiso para faltar a algunha actividade tanto no seu horario lectivo coma nos actos comprendidos no Plan Anual.

5. Asegurar de modo continuo o seu propio perfeccionamento musical, técnico e pedagóxico. Se para isto precisan efectuar un cambio de clase, deberán ser recuperados, sen alterar o normal funcionamento do centro. O profesor será o responsable de avisar ós alumnos dos cambios e recuperacións das clases.

6. Serán responsables dos alumnos ó seu cargo durante todo o horario escolar.
7. Coidar e manter en perfecto estado o material e os instrumentos ó seu cargo.

ARTIGO 38. CLAUSTRO DE PROFESORES

1. Será presidido polo/a Director/a e integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.
2. O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación de estes na Escola e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, no seu caso, informar sobre todos os aspectos docentes do mesmo.
3. Reunirase como mínimo unha vez ao trimestre e sempre que o convoque o/a Director/a ou o solicite ao menos un terzo dos seus membros. Será preceptiva, ademais, unha sesión de Claustro ao principio e outra ao final do curso.
4. As convocatorias ordinarias deberán facerse cun mínimo de 8 días e as extraordinarias con unha antelación de 48 horas.
5. A asistencia ás sesións do claustro é obrigatoria para tódolos seus membros. Calquera ausencia será debidamente xustificada.

ARTIGO 39. COMPETENCIAS DO CLAUSTRO DE PROFESORES

1. Programar e face-lo seguimento das actividades docentes do Centro en colaboración co Director.
2. Fixar e coordinar criterios sobre o labor da avaliación e recuperación do alumnado.
3. Coordina-las funcións de orientación e titoría do alumnado.
4. Promover iniciativas no ámbito da experimentación ou investigación pedagóxica.
5. Elevar ao director propostas para a elaboración do Plan Anual do Centro e para o desenvolvemento das actividades complementarias, visitas, viaxes....
6. Calquera outra que lle encomenden os respectivos regulamentos orgánicos.

ARTIGO 40. DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS.

1. Os departamentos didácticos son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver as ensinanzas propias das especialidades e materias que lles corresponde, e as actividades que se lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias.
2. Estarán formados por tódolos/as profesores/as da escola que impartan as materias e especialidades asinadas a dito departamento.
3. A distribución básica de departamentos será a seguinte:
 - instrumentos de corda e piano.
 - instrumentos de vento e percusión.
 - linguaxe e interpretación musical.
4. En función do número de profesores/as e de materias e especialidades impartidas, poderá crearse un número maior de departamentos.
5. Os departamentos didácticos serán presididos polo/a director/a do centro.

ARTIGO 41. TITORES/AS

1. Tódolos/as alumnos/as estarán a cargo dun/unha profesor/a titor/a, que será o/a profesor/a da especialidade instrumental.
2. Co fin de organizar as reunións dos/as alumnos/as ou pais/nais de alumnos/as cos/as profesores/as, as entrevistas deberán solicitarse cunha antelación de mínimo oito días ao director do centro.

ARTIGO 42. COMPETENCIAS DOS TITORES/AS

- a) Facilita-la integración das alumnas e dos alumnos no seu grupo-clase e no conxunto da dinámica institucional.
- b) Recompila-la información que o profesorado posúe sobre cada alumno ou grupos de alumnos, coordina-lo proceso avaliador e asesorar sobre a promoción ou non, de Etapa, ciclo ou curso.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno e efectuar un seguimento global dos procesos de aprendizaxe para detecta-las dificultades, a fin de artilla-las respostas educativas axeitadas.
- d) Coordinar co resto do profesorado o axuste das programacións ó alumno ou grupo de alumnos.
- e) Informar e implicar a os pais sobre a evolución persoal, integración no Centro e rendemento académico dos seus fillos.
- f) Cubrir e custodia-los documentos oficiais de avaliación relativos ós seus alumnos ou grupo de alumnos.
- g) O cumprimento das funcións de titoría forma parte das obrigas docentes da profesor/a, titor/a , que responderá del do mesmo xeito ca dos demais deberes docentes.
- h) Para o desempeño das funcións de titoría, o profesorado programará as actividades oportunas de forma coherente coa liña educativa do Centro.

ARTIGO 43. ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS E ALUMNOS.

A asociación de usuarios, a través do seu representante, poderá:

- Eleva propostas para a elaboración do Plan Anual.
- Informar de aqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportunos.
- Informar a tódolos membros da comunidade educativa sobre o desenrolo das súas actividades.
- Formular propostas para a realización de actividades complementarias.
- Recibir un exemplar do presente documento e das súas modificacións.
- Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.
- Fomentar a colaboración entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Utilizar as instalacións da Escola nos termos que estableza o Concello.

CAPÍTULO VI. DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

ARTIGO 44. DEREITOS DOS USUARIOS

- a) Acceder a o centro e recibir unha formación musical de calidade de conformidade coa normativa en vigor sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, xa sexa de nenos, nenas ou adultos.
- b) A Escola desenvolverá iniciativas que eviten a discriminación dos/as alumnos/as, terá especial atención no respecto das normas de convivencia e establecerá plans de acción para garantir a plena integración de tódolos/as alumnos/as.
- c) Os/as alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade:

Co fin de garantir o dereito á avaliación con criterios obxectivos, a Escola deberá facer públicos os criterios xerais que se aplicaran para a avaliación dos aprendizaxes e a promoción dos/as alumnos/as.

- d) Os/as alumnos/as, os/as seus/súas pais/nais ou os/as titores/as poderán reclamar á dirección contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ó

finalizar un curso, ciclo ou grao. Dita reclamación deberá basearse na inadecuación da proba proposta ó/á alumno/a en relación cos obxectivos e contidos da especialidade instrumental ou materia sometida a avaliación e co nivel previsto na programación, o una incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.

e) Tódolos/as alumnos/as teñen dereito a recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.

f) Tódolos/as alumnos/as teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

g) A Escola gardará reserva sobre toda aquela información de que dispoña en relación das circunstancias persoais e familiares do/a alumno/a. Non obstante, comunicará a autoridade competente as circunstancias que impliquen malos tratos para o/a alumno/a ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores.

h) Os/as alumnos/as teñen dereito a participar no funcionamento e na vida da Escola, na actividade escolar e na xestión da mesma, de acordo co disposto na Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación.

i) Os/as alumnos/as teñen dereito á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de tódolos membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as Institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.

m) Os/as alumnos/as teñen dereito a manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, a mesma será canalizada a través dos órganos representantes dos/as alumnos/as na forma establecida na normativa vixente.

n) Os/as alumnos/as poderán reunirse nos seus centros docentes para a actividades de carácter escolar ou extraescolar que formen parte do Regulamento do centro, así como para aquelas outras ás que poidan atribuírse unha finalidade educativa ou normativa previa solicitude á Dirección quen tratará de habilitaralles unha aula en horario que non impida o normal desenvolvemento das actividades lectivas ou outras complementarias e extra escolares xa programadas.

o) Os/as alumnos/as teñen dereito, tamén previa solicitude á Dirección, a utilizar as instalacións da Escola coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extra escolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino dos mesmos.

p) Os/as alumnos/as teñen dereito a participar, como voluntarios/as, nas actividades extra escolares da Escola.

ARTIGO 45. PROTECCIÓN DA IMAXE DO ALUMNADO.

A normativa de protección civil do menor, para a captación de imaxes esixe a previa autorización dos pais/nais ou representantes legais e, incluso do propio menor que teña acadado unha madurez suficiente que lle permita tomar estas decisións. As referencias legais son as seguintes:

– Artigos 1 ao 9 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro (BOE do 17), de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil.

– Artigos 8º e 9º da Lei 3/1997, do 9 de xuño (DOG do 20), galega da familia, da infancia e da adolescencia.

ARTIGO 46. DEBERES DOS USUARIOS

O estudio constitúe un deber básico dos/as alumnos/as e se concreta nas seguintes obrigacións:

- a) Aboa-los prezos ou taxas polos servizos prestados nos prazos e na forma que se establece nas ordenanzas municipais.
- b) Asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ó desenrolo dos plans de estudio.
- c) Participar en aquelas actividades programadas pola Escola no Plan Anual cando así o requira o profesor ou o director. A asistencia ós concertos e audicións organizados pola Escola é obrigatoria, tanto para aqueles alumnos que participen directamente, como para aqueles outros que designe o profesor ou a dirección.
- d) Xustificar e, se é posible, advertir de antemán ó profesor das faltas de asistencia a clase, so pena de ser sancionado de acordo co apartado. Nestes casos de falta de asistencia a clase do alumno, non existe obriga da Escola de recuperar a clase.
- e) Proverse do material didáctico necesario pola súa conta, especialmente os instrumentos musicais, para sacar proveito das clases.
- f) Seguir as orientacións do profesorado respecto ó seu aprendizaxe e mostrar o debido respecto e consideración.
- g) Respetar o exercicio do dereito ó estudio dos/as seus/súas compañeiros/as.
- h) Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade ou outra circunstancia persoal ou social de todos os membros da comunidade educativa.
- i) Respetar o presente Documento e o carácter propio da Escola.
- l) Coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- m) Cando os/as alumnos/as non cumpran cos seus deberes, aplicaráselle as medidas que proceda conforme ó disposto neste Regulamento.

CAPÍTULO VII. DOS RECURSOS MATERIALES

ARTIGO 47. COIDADADO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS.

1. Todas as dependencias do centro deberán ser obxecto dun uso axeitado e correcto.
2. O mobiliario, instrumentos, ou material pedagóxico de uso común, debe ser tratado con coidado exquisito e toda a comunidade educativa debe contribuír a súa conservación e protección.
3. Todos os danos causados deliberadamente ou debidos á negligencia ou ó mal uso intencionado que se produzan no mobiliario do centro, na súa estrutura, nos seus materiais ou nas pertenzas doutras persoas que se atopen nel, deberán ser reparados ou sufragados os gastos da súa reparación polos responsables do danos causados, sen prexuízo das sancións que se lle poidan impoñer.
4. No caso de desperfectos non intencionados, ou debidos ó constante uso do material por parte do alumnado ou profesorado, os usuarios directos deberán informar ao director do centro para levar a cabo a súa reparación ou substitución.
5. O alumnado e persoal do centro, deberán manter as dependencias do mesmo limpas, empregando as papeleiras e evitando deixar restos de comida ou de lixo nos corredores ou espazos de uso común.

6. Alumnado e persoal do centro procurarán que o mobiliario e materiais empregados queden ordenados ó remate de cada xornada, recollendo tan o os materiais de uso persoal como de uso común.

7. A comunidade educativa do centro deberá contribuír ó aforro de materiais e manterá posturas ecolóxicas no uso de recursos e materiais.

ARTIGO 48. ASCENSORES

Os nenos menores de 12 anos non poderán facer uso do ascensor se non é en compañía dun adulto, segundo o disposto na lei. Como norma xeral, os ascensores non se utilizarán sempre que non sexa necesario para que quede dispoñible para o seu uso real.

ARTIGO 49. AUDITORIO.

O espazo do auditorio limitarase a realización de audicións, concertos, cursos, ensaios xerais e demais actividades que repercutan en beneficio do centro.

Poderán acceder a o auditorio o profesorado e alumnado sempre e cando se trate de preparación de concertos ou outro tipo de actividade articulada polo centro, baixo solicitude do correspondente permiso dirixido a o Concello a través do Director/a. As solicitudes realizaranse con antelación suficiente.

Para a concesión dun permiso de uso do auditorio terase en conta a actividade proposta.

Observarase silencio e o comportamento adecuados que garantan as condicións apropiadas para a actividade realizada.

Desconectaranse os móbiles e as alarmas dos reloxos.

ARTIGO 50. AULAS

O profesor que estea ocupando o aula será o responsable do bo uso dos materiais que se encontren en dita aula. Todo o material trasladado para o seu uso didáctico deberá ser restituído polo usuario á súa lugar de orixe unha vez concluído o seu uso.

Todo aquilo que puidera repercutir na óptima conservación dos materiais (peche de cortinas e fiestras, peche e garda dos instrumentos) será responsabilidade do profesor que estea ocupando o aula.

Se outro profesor ao ocupar esa mesma aula encontrara algún desperfecto deberá notifica-lo inmediatamente á dirección.

ARTIGO 51. AULAS DE ESTUDO.

1.Os alumnos do Centro poderán solicitar, por medio do impreso axeitado, o préstamo de instrumentos do centro para o estudo nas aulas dedicadas a o estudo no centro.

2.O uso das aulas fraccionarase en medias horas ou unha hora, e o usuario poderá renovar a súa permanencia se hai dispoñibilidade.

3.O usuario da aula responsabilizase dos posibles desperfectos causados na mesma. Para isto, o centro establecerá un sistema de control estrito, anotando nun rexistro o nome do usuario, a data, hora e cabina prestada. O alumnado deberá comunicar os desperfectos causados nas mesmas, a directiva do centro tomará as medidas sancionadoras que consideren oportunas en cada caso.

4. En caso de estar desocupadas, ou en caso de necesidade excepcional, os profesores poderán facer uso das aulas coa autorización do Director.

5. No caso de audicións, concertos ou outras actividades que o requiran no centro, a dirección poderá reservar un número de aulas para o uso dos intérpretes.

6. Expoñeranse unha serie de normas de uso das cabinas en cada unha delas. As normas serán as seguintes:

- Queda prohibido pechase con chave.
- Queda prohibido comer.
- Pechara as fiestras cando remate a hora de estudo así como o piano e a luz.

ARTIGO 52. FOTOCOPIADORA.

1. As fotocopias necesarias para realizar tarefas de centro (administrativas e docentes) serán gratuítas.

2. De acordo coa normativa vixente sobre dereitos de autor, limitarase a copia de exemplares sometidos a ditos dereitos ó que a norma estableza.

3. Esixirase o uso de partituras orixinais nas clases salvo excepcións xustificadas.

4. O uso da fotocopidora adecuarase á lexislación vixente (referencia da lei).

5. Os documentos e partituras a fotocopiar se deixarán con tempo ao director.

6. Todas as fotocopias de partituras arquivaranse de forma catalogada.

7. As fotocopias de agrupacións serán cruñadas para deixalas na aula.

ARTIGO 53. ORDENADORES

En xeral, o uso dos ordenadores será exclusivo para o persoal docente. Tamén farán uso dos ordenadores o alumnado cando se trata de materias onde o seu uso sexa necesario e nas zonas do Centro habilitadas para tal efecto.

ARTIGO 54. SALA DE PROFESORES

Reservarase o seu uso a temas relacionados co profesorado do centro.

ARTIGO 55. TABOLEIROS OFICIAIS

Queda terminantemente prohibido a toda persoa allea á dirección a substitución, modificación, rectificación ou subtracción da información exposta nos taboleiros oficiais do centro.

ARTIGO 56. PRÉSTAMO DE INSTRUMENTOS.

1. O alumnado da Escola poderá acceder a o préstamo de instrumentos cando sexa necesario, tanto no caso de actividades complementarias como para o seu estudo, e sempre que sexa dentro do centro.

2. O préstamo de calquera dos instrumentos será xestionado pola dirección do centro e realizarase segundo as necesidades e dispoñibilidade dos mesmos. Cubrirase unha solicitude onde quede reflectida a autorización do préstamo e a súa duración. Para a valoración das solicitudes teranse en conta a o profesor da especialidade solicitada.

3. Ningún instrumento poderá saír do centro sen autorización da dirección e o seu préstamo concederase só en casos puntuais para actividades ás que o profesorado ou alumnado asista en

representación do centro ou froito de colaboración con outras agrupacións sempre que sexan membros da Escola.

4.A duración do préstamo de instrumentos terá como máximo a duración do curso escolar (Setembro-Xuño).

5.Os/As pais/nais do/a alumno/a, ou este/a si é maior de idade, son os/as responsables dos desperfectos ou perda do instrumento mentres que goza do préstamo, facéndose cargo do custe da reparación ou da reposición, en caso de perda, do instrumento.

CAPÍTULO VIII. NORMAS DE DISCIPLINA E CONVIVENCIA

ARTIGO 57. PRESCRIPCIÓNS XERAIS

O incumprimento das regras establecidas no presente Regulamento por parte dos usuarios da Escola, xa sexa por negligencia ou dolo, nalgúns das condutas tipificadas coma faltas, será castigada coas sancións previstas no mesmo, así como no seu caso, se deberá indemnizar os danos e perxuízos causados á Escola.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi modificada no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26 de agosto de 2016,(publicada aprobación inicial no BOP nº 244 de 24/10/2016), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 285 de 14/12/2016.

ARTIGO 58. ASISTENCIA ÁS ACTIVIDADES LECTIVAS.

1. Tódalas faltas de retrasos do alumnado deben ser anotadas no diario de clase do profesor. Estas faltas serán informadas mensualmente á dirección do centro.
2. Os alumnos e alumnas deberán xustificar as súas ausencias , nas seguintes dúas semanas tras a falta. Pasado este período, as ausencias terán a consideración de non xustificables.
3. As faltas xustificaranse ordinariamente por escrito à dirección do centro. A comunicación verbal dos responsables do alumnado á Escola, tanto telefónica como presencial, servirá como xustificación provisional.
4. A aceptación dos xustificantes é competencia do titor ou titora, que poderá pedir que sexan apoiados polo testemuño verbal dos pais do alumnado ou mesmo por documentos oficiais, especialmente cando as ausencias sexan prolongadas ou se produzan reiteradamente ou se dubide da autenticidade dos devanditos xustificantes.
5. Os membros do alumnado maiores de idade que desexen xustificar as súas ausencias eles mesmos deberán presentar en dirección un escrito no que conste a conformidade dos pais, nais ou tutores. Desde ese momento tódalas comunicacións do centro irán dirixidas ó alumnado.
6. Os/as alumnos/as que superen tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha media hora ou unha hora semanal, ou catro faltas por trimestres en materias cun tempo lectivo de dúas horas semanais, poderán verse privados da avaliación continua, sendo o procedemento substituínte de avaliación a realización dunha proba específica.
7. É responsabilidade do/a profesor/a o control da acumulación das faltas do alumnado e será o seu criterio o que determine se o/a alumno/a require ser sometido a dita proba, valorando ata qué punto o proceso de aprendizaxe veuse afectado polas faltas de asistencia.
8. Contabilizaranse da mesma forma tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas. O profesor que valore que o/a alumno/a que superou o límite de faltas non debe perder a avaliación continua deberá xustificar esta situación nun informe que se remitirá á dirección.
9. A posibilidade da perda do dereito a avaliación continua comunicarase ós/ás alumnos/as, ós/ás pais/nais ou representante legal e ó/á profesor/a, en canto sexa detectada. O centro remitirá comunicación ó domicilio do membro do alumnado no momento en que perda o dereito á avaliación continua.
10. A persistencia en acumulación de retrasos inxustificados terá a consideración de falta contra a disciplina do centro.

ARTIGO 59. ORDEN E DISCIPLINA.

1. Os/as alumnos/as respectarán e darán o uso adecuado ás instalacións e ó material da Escola.
2. Os/as alumnos/as que, por algún motivo, permanezan nos corredores deberán ter un comportamento correcto e respectar o desenvolvemento das actividades nas aulas.
3. Non se permite fumar en todo o recinto e espazos da Escola. De igual modo, queda prohibida a venda, distribución e consumo de alcohol.
4. Co obxecto de manter a debido orde e preservar o normal desenvolvemento da vida académica, o alumnado e profesorado deberán comezar e rematar as súas clases puntualmente, segundo o horario establecido.
5. No caso de que sexa necesario compartir aulas, disporase duns minutos para o necesario intercambio de alumnos e profesores.
6. Ningún alumno/a poderá ausentarse da aula sen permiso do profesor/a correspondente. No caso de ausencia dun profesor/a, non poderá abandonar a súa aula sen o permiso expreso do profesorado de garda ou dun membro do equipo directivo.
7. Quedará prohibido ó acceso a persoas alleas ó centro máis alá do vestíbulo, salvo ós propios pais/nais ou responsables dos alumnos.

ARTIGO 60. NORMAS DE COMPORTAMENTO NO CENTRO

Para toda a comunidade educativa e en particular para o alumnado, o respecto ós demais deberase traducir nun silencio total cando así o esixan as circunstancias: explicacións do profesorado, intervencións de compañeiros, audicións ou charlas, etc.

Noutras ocasións este respecto tradúcese no coidado de deixar as aulas e auditorio ordenados ó final dun ensaio ou concerto e a devolución dos materiais empréstados ás súas dependencias orixinais.

O respecto de cada un dos membros da comunidade educativa do centro cara tódolos demais será esixible en todo momento, e a falta del será sancionable de acordo coa gravidade do feito e as circunstancias nas que se produza.

Serán condutas contrarias á convivencia na Escola as que atenten contra o establecido nas normas de convivencia elaboradas neste Regulamento de Réxime Interno.

CAPÍTULO IX. RÉXIME SANCIONADOR

ARTIGO 61. PRESCRIPCIÓNS

XERAIS

1. En toda actuación contraria ás normas de disciplina e convivencia do centro teranse en conta as circunstancias nas que esta se produciu e avaliar os aspectos paliativos ou agravantes que poidan existir.
2. De ser o caso que as condutas mantidas por algún alumno ou alumna revistan gravidade ou se repitan despois de advertir e amonestar ou sancionar ao membro do alumnado, a dirección solicitará a opinión dos membros do profesorado que coñezan os feitos e do titor ou titora, e determinará se procede tratar o caso no Consello Escolar.

ARTIGO 62. FALTAS DOS USUARIOS.

As faltas cometidas polos membros da colectividade clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Serán faltas

leves:

1. Non acudir con puntualidade ás clases e/ou aos ensaios salvo autorización expresa do profesor ou dirección por motivo xustificado.
2. Descoido ou negligencia na conservación do material ou das instalacións.
3. Falta de aplicación no estudio.
4. Non amosar o debido respecto e consideración aos membros da comunidade educativa ou ás súas pertenzas.
5. Non traer a os menores aseados e limpos.

Serán faltas

graves:

1. A non asistencia as actividades que figuran no seu horario normal e ás actividades incluídas no Plan Anual e que teñan carácter formativo.(Recitais, festivais, concertos, etc.)
2. A non asistencia a 3 ou mais ensaios sen xustificación.
3. A reiteración de 3 faltas leves.
4. Computará coma falta grave un total de tres faltas por trimestre nas materias cun tempo lectivo dunha media hora ou unha hora semanal, ou catro faltas por trimestres en materias cun tempo lectivo de dúas horas semanais, sempre que estean sen xustificar.
5. A indisciplina reiterada.
6. Incumprimento das sancións impostas.
7. Non informar das enfermidades susceptibles de contaxio que padeza o neno.

Serán faltas moi graves:

1. Exercer violencia física ou formular coaccións ou ameazas con calquera persoa do Centro ou os demais usuarios.
2. Falsear ou ocultar datos en relación co goce de calquera prestación ou servizo, que provoquen que o usuario tivera vantaxe á hora de acceder a praza ou disfrutase de tarifas inferiores as que lle correspondese segundo este regulamento e a ordenanza reguladora do prezo público.
3. A subtracción de bens ou calquera obxecto do Centro, do persoal ou de outros usuarios.
4. A suplantación de personalidade e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
5. O uso, a incitación ó mesmo ou a introdución no centro de obxectos ou sustancias perxudiciais para a saúde ou perigosas para a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.
6. A comisión dolosa de danos nas instalacións.
7. A comisión da segunda falta grave durante o curso escolar.

ARTIGO 63. SANCIONES DOS USUARIOS

As sancións aplicables polas infraccións deste Regulamento serán as seguintes:

1. Sancións por falta leve:

-As faltas leves serán sancionadas polo profesor responsable.

- Amoestación individual por escrito, expulsión da clase ou realización de tarefas dentro ou fóra do horario lectivo.

2. Sancións por falta grave:

-As faltas graves serán sancionadas polo:

Claustro. Aquelas que afecten á formación e á asistencia a actividades, tendo como consecuencia a perda da avaliación continua ou o curso escolar.

Alcaldía ou delegación. Aquelas que afecten a orde e a disciplina e dependendo da natureza da falta poderá levar como sanción a expulsión temporal do centro de unha semana a tres meses de duración.

3. Sancións por falta moi

grave:

- Para a imposición de sancións por faltas graves ou moi graves, o Alcalde ou o concelleiro delegado no seu caso.

- Suspensión dos dereitos de asistencia ó centro de tres meses a un ano de duración.
- En caso de condutas especialmente graves ou danosas, expulsión da Escola de música por unha duración mínima de un ano e máxima

de tres anos.

En tódolos casos informarase a familia do alumno.

As sancións impostas incluíranse no expediente escolar do alumno.

ARTIGO 64. FALTAS DOS PROFESORES/AS.

- a) Non colaborar coa dirección do centro co mantemento da convivencia académica do centro.
- b) Non colaborar na realización de actividades extraescolares.
- c) Non informar por parte dos profesores responsables das agrupacións, as actividades a desenvolver durante o curso.
- d) Realizar actividades baixo o amparo da Escola que non foron correctamente informadas e/ou aprobadas pola dirección, sendo responsable directo o profesor que incumpra a norma.
- e) Non cumprir con pulcritude o horario que lle sexa asignado pola dirección do centro.
- f) Faltas de asistencia sen xustificar debidamente. Non informar á Dirección dos axustes ou cambios na programación.
- g) Realizar manifestacións ideolóxicas ou propagandísticas que non respecten a liberdade de conciencia dos usuarios e que sexan contrarias ao ideario da Escola.
- h) Non amosar o debido respecto e consideración aos membros da comunidade educativa.
- i) Realizar actos ou manifestacións en contra do resto do claustro creando discordia e mal ambiente.

ARTIGO 65. SANCIÓN S DOS PROFESORES/AS.

As faltas serán informadas pola dirección ao Concello quen abrirá expediente disciplinario podendo levar consigo a suspensión temporal de emprego e soldo e se fora o caso podendo levar consigo o despido do traballador.

DISPOSIÓ NS

ADICIONAIS

PRIMEIRA. RÉXIME

XURÍDICO

Ademais do previsto neste regulamento á Escola de Música seralle de aplicación a Orde de 11 de marzo de 1993 da Xunta de Galicia polo que se regulan os requisitos específicos que deben reuni-las escolas de música, a lexislación de réxime local, e a normativa de desenvolvemento.

**SEGUNDA. MODIFICACIÓNS
NORMATIVAS**

As referencias contidas neste regulamento a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

**TERCEIRA. APROBACIÓN DE
MODELOS**

Facúltase ó Alcalde da Corporación, ou delegado, para aprobar mediante Decreto os modelos de documentos a utilizar para as diversas xestións enunciadas neste Regulamento.

**CUARTA. FICHEIRO DE DATOS
PERSOAIS**

Facúltase á Alcaldía do Concello para crear por medio dun Decreto o ficheiro ou ficheiros de datos de carácter persoal que se deriven da aplicación das disposicións deste regulamento, de acordo co que dispón o artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de tratamento automatizado de datos de carácter persoal, créase o ficheiro de datos persoais, así como a modifícalos ou suprimilos cando concorran os requisitos establecidos na normativa citada.

**QUINTA. DESENVOLVEMENTO DO
REGULAMENTO**

Facúltase ó alcalde, previo informe da dirección, a ditar cantos actos sexan necesarios para o desenvolvemento e interpretación do presente regulamento.

**DISPOSICIÓN FINAL
ÚNICA**

Para a casuística non contemplada neste regulamento actuarase baixo o criterio do Concello previo informe da Dirección.

Este Regulamento poderá ser modificado polo Concello por iniciativa propia ou ben a proposta de:

O/A Director/a.

O Claustro de Profesores/as.

O Director estará obrigado a propoñer a modificación cando os cambios normativos afecten ó contido do presente Regulamento.

As propostas realizaranse mediante escrito dirixido ó Concello. Na dita proposta expresarase claramente o contido da reforma suxerida, así como a súa xustificación. No caso de ser proposta a modificación polo Claustro, a Dirección poñerá en marcha de oficio o procedemento correspondente.

Recibida a proposta de modificación, o Concello decidirá a súa conveniencia.

As modificacións axuntaranse como anexos ó Regulamento, sendo notificadas a tódolos sectores da comunidade escolar.

O presente regulamento entrará en vigor a partir do momento no que sexa aprobado polo Concello, deixando sen efecto calquera norma, proxecto ou regulamento, aprobado con anterioridade, que afecte tanto á Escola coma a calquera dos seu integrantes, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

Mondoñedo, 29 de novembro de 2016

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi aprobada provisionalmente no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26 de agosto de 2016, (publicada aprobación inicial no BOP nº 244 de 24/10/2016), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 285 de 14/12/2016.